




Reclamante: 


Expediente. Nº RSCTG 057/2018

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por D. , remitida pola Oficina de Reclamacións de Administracións Territoriais, que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 27 de abril de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. D.  presentou con data do 20 de abril de 2018, unha solicitude ante a Consejo de Transparencia y Buen Gobierno para que este órgano inste á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao cumprimento das súas obrigas en materia de acceso á información pública nos termos legalmente previstos no expediente de "Actualización del Proyecto de Explotación vigente de cobre de Touro" relativo á explotación mineira San Rafael 2946.

O citado Consejo, de conformidade co disposto no artigo 14.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, remitiu a solicitude á Comisión da Transparencia de Galicia, solicitude que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 27 de abril de 2018.

O escrito do Sr. ████████ viña acompañado de copia da súa solicitude, presentada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia do edificio administrativo da Coruña, no que solicitaba o recoñecemento da súa condición de interesado no expediente de referencia.

Segundo. Con data 7 de maio de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 11 de maio de 2018. Con data do 1 de xuño ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o informe da Dirección Xeral de Enerxía e Minas e copia do expediente, no que se fai constar que mediante escrito do 13 de marzo de 2018, se lle remite ao interesado escrito do Xefe de Sección da Xefatura Territorial da Coruña, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que se lle recoñece ao solicitante a condición de interesado no referido expediente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Quinto.- Análise do expediente

Segundo se establece no informe da Dirección Xeral de Enerxía e Minas o Sr. [REDACTED] solicitou con datas do 2 de xaneiro e 15 de febreiro de 2018, que se lle recoñecera expresamente a condición de interesado no expediente en tramitación "Actualización del Proyecto de Explotación vigente de cobre de Touro" relativo á explotación mineira San Rafael 2946, por ser veciño dun núcleo no municipio de Touro próximo á explotación.

Con data do 13 de marzo de 2018 se lle recoñece, polo xefe da Sección de Minas da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a dita condición de interesado no dito expediente e se lle informa que se lle dará trámite de audiencia no momento procedimental oportuno, de acordo co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Por tanto, o reclamante de acceso á información pública ostenta a condición de interesado nun procedemento administrativo en tramitación, polo que tal e como se afirma no informe da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, de conformidade co disposto na disposición adicional primeira da citada Lei 19/2013, debe ser a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo, e non a normativa en materia de transparencia, a aplicable ao acceso ao expediente, a quen teña a condición de interesado nun procedemento administrativo en curso como sucede no presente caso.

De acordo co anterior, procede a inadmisión da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por D. [REDACTED] pola que solicita que se inste á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao cumprimento das súas obrigas en materia de acceso á información pública nos termos legalmente previstos no expediente de "Actualización del Proyecto de Explotación vigente de cobre de Touro" relativo á explotación mineira San Rafael 2946..

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto

no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga